



## SISTEMA ARBITRAL DE CONSUMO OFERTA PÚBLICA DE ADHESIÓN

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL <sup>1</sup> :		
NIF/ CIF:		NOME COMERCIAL:
DOMICILIO SOCIAL:		CÓDIGO POSTAL:
LOCALIDADE:		PROVINCIA:
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS:		CÓDIGO POSTAL:
LOCALIDADE:		PROVINCIA:
TELÉF.:	FAX:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:
PÁXINA DE INTERNET:		ACTIVIDADE:
REPRESENTANTE LEGAL:		
DNI:	CARGO:	

### DECLARA

1º. Que desenvolve a súa actividade en:<sup>2</sup>

2º. Que actúa en representación da empresa ou como profesional con poder de disposición, previo acordo no seu caso do órgano de goberno correspondente.

### MANIFESTA

1º. Que mediante a sinatura deste documento formula oferta pública unilateral de adhesión ao sistema arbitral de consumo regulado no Real decreto 231/2008, do 15 de febreiro, polo que se regula o sistema arbitral de consumo.

2º. Que coñece a regulación do sistema arbitral de consumo contida no Real decreto 231/2008, do 15 de febreiro, e acepta que os conflitos que poidan xurdir cos seus consumidores sexan resoltos a través do procedemento previsto na dita norma, pola xunta arbitral de consumo competente conforme ao previsto no artigo 8 do citado Real decreto.

3º. Que tendo en conta o ámbito territorial da súa actividade, a súa adhesión ao sistema arbitral de consumo prodúcese a través das xuntas arbitrais de consumo constituídas ou que poidan constituírse no dito ámbito territorial de actividade.

<sup>1</sup> Persoas xurídicas.

<sup>2</sup> Indicar o municipio, mancomunidade (e en tales casos, a provincia á que pertence o municipio ou mancomunidade), provincia ou comunidade na que desenvolve a súa actividade empresarial ou profesional. Se desenvolve a súa actividade en máis dunha Comunidade Autónoma, indicar "ámbito supraautonómico" ou "ámbito nacional".

4º. Que este compromiso de adhesión ao sistema arbitral de consumo se formula optando<sup>3</sup> por:

- Que a arbitrase sexa resolta  En equidade  
 En dereito  
 En equidade ou dereito, a elección do consumidor

Que, con carácter previo ao coñecemento do conflito polos árbitros:  se intente a mediación  
 non se intente a mediación

Que esta oferta pública de adhesión  teña carácter indefinido, salvo denuncia da oferta con ..... meses de antelación.  
 se realiza polo período de ..... (non inferior a 1 ano) prorrogable por .....

No caso de que non cubra unha ou algunha das opcións anteriores, entenderase respectivamente, que realiza a súa oferta pública de adhesión á arbitrase en equidade, por tempo indefinido e con aceptación da mediación previa.

5º. Que autorizo a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia e a Axencia Española de Consumo (AECOSAN) para a cesión dos datos de carácter persoal incluídos nesta oferta pública de adhesión que sexan necesarios para os efectos de divulgación, de publicidade, de adhesión, así como a cesión ás xuntas arbitrais de consumo, aos interesados lexítimos e a cantos interveñan no procedemento arbitral.

..... de ..... de .....

Asdo.:

*Advertencia: de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento, advírtese o solicitante da existencia dun ficheiro automatizado do que a súa estrutura e finalidade é a prevista na Orde do 22 de xullo de 2014, da Consellería de Economía e Industria.*

*Así mesmo, infórmase o solicitante da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición; o responsable do ficheiro é o Instituto Galego de Consumo e da Competencia, con domicilio social na Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5 baixo, 15707 Santiago de Compostela.*

## **XUNTA ARBITRAL DE CONSUMO DE GALICIA**

<sup>3</sup> Opte por algunha das fórmulas que se indican.